



Os Planos de Estudio que para a súa superación requiren a realización dun Proxecto de Fin de Carreira non determinan en tódolos casos cal é o momento no que o alumno debe realizalo.

O acordo de Xunta de Goberno de 2 de xuño de 1995 recollendo a tradición na realización de ditos proxectos e así mesmo dando unha norma común para tódolos Planos de Estudio establece que o alumno deberá matricularse no citado proxecto unha vez que teña superadas o resto das materias.

Nos novos Planos de Estudio os Proxectos Fin de Carreira teñen asignados unha carga lectiva práctica, que se traduce nun número de créditos que varia por cada titulación. Esta carga lectiva conleva as conseguíntes responsabilidades docentes. O alumno durante o período de elaboración do Proxecto Fin de Carreira ademáis da tutoría correspondente, require da utilización de servizos universitarios como poden ser bibliotecas e laboratorios, polo que se fai necesario establecer unha vinculación entre Universidade e alumno dende o momento no que inicie o Proxecto Fin de Carreira ata a súa lectura e aprobación. Esta vinculación debe realizarse a través da formalización da oportuna matrícula, que deberá realizarse no momento que inicie tal actividade e non como tradicionalmente se viña facendo nun momento inmediatamente anterior á lectura do Proxecto.

Asemada, é conveniente recordar a tódolos axentes que forman parte do procedemento que leva a lectura do Proxecto de Fin de Carreira (alumno, persoal de administración e Tribunal avaliador) que concorrer a un Proxecto de Fin de Carreira sen que o alumno teña superadas integramente tódalas materias anteriores conleva que aquel non surta efecto e as actuacións deriven en nulidade.

Por todo o exposto, este Vicerrectorado de Ordenación Académica en uso das competencias do apartado 103 do acordo da Xunta de Goberno de 2 de xuño de 1995 dicta a seguinte instrución:

### **1º MATRÍCULA EN PROXECTOS DE FIN DE CARREIRA.**

Soamente se poderá formalizar matrícula nos proxectos Fin de Carreira cando se constate pola Administración que o alumno superou tódalas materias, ou o número de créditos e materias, que requiran os Planos de Estudio para que xunto co proxecto Fin de Carreira poida considerarse que o alumno concluiu os seus estudos.

A matrícula no Proxecto Fin de Carreira implica a matrícula na materia Proxectos Fin de Carreira.

### **2º MOMENTO DE REALIZACIÓN DA MATRÍCULA NO PROXECTO FIN DE CARREIRA.**

A matrícula no Proxecto Fin de Carreira poderá realizarse no período de matrícula ordinaria ou entre o 1 e o 15 de marzo de 1996.



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A formalización de matrícula soamente da dereito para realizar unha presentación do Proxecto Fin de Carreira, de tal xeito que se o alumno concorre e non supera o Proxecto Fin de Carreira deberá formalizar nova matrícula.

Os efectos de determinar en que convocatoria vai a presentar o Proxecto Fin de Carreira, o alumno deberá presentar petición nas Unidades de Xestión Académica alomenos 10 días antes á data que o centro establecera para a presentación do Proxecto Fin de Carreira.

## 3º REPORTE DE PREZOS PÚBLICOS.

Os prezos públicos por concorrer a Proxectos Fin de Carreira reportarán os prezos que a tales efectos establece o Decreto da Xunta de Galicia sobre prezos públicos correspondentes á obtención de títulos universitarios oficiais, non procedendo a liquidación por créditos.

## DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

Para o presente curso académico 1995/96 os alumnos poderán formalizar matrícula no Proxecto Fin de Carreira ademais dos prazos establecidos nas disposicións anteriores alomenos 10 días antes da convocatoria do proxecto.

Santiago, 7 de novembro de 1995  
O VICERRECTOR DE ORD. ACADÉMICA  
E TITULACIÓNS

Celso Rodríguez Fernández.

SR. VICERRECTOR DO CAMPUS DE LUGO. SR. SECRETARIO XERAL. SRS.  
DECANOS E DIRECTORES DE CENTRO. SR. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO.  
SRS./A. XEFES/A DA U.X.A. SR. XEFE DO SERVICIO DE INFORMACIÓN.